

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

- 2118** *Real decreto 125/2015, do 27 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 1363/2012, do 28 de setembro, polo que se regula o recoñecemento das organizacións de produtores de leite e das organizacións interprofesionais no sector lácteo e se establecen as súas condicións de contratación.*

O Real decreto 1363/2012, do 28 de setembro, polo que se regula o recoñecemento das organizacións de produtores de leite e das organizacións interprofesionais no sector lácteo e se establecen as súas condicións de contratación, é a normativa básica que regula no noso país as medidas do chamado «paquete lácteo». Trátase dun conxunto de disposicións cuxo obxectivo principal é mellorar o equilibrio da cadea de valor no sector lácteo e reforzar a posición negociadora dos produtores.

O citado real decreto elaborouse axustándose ao establecido na normativa comunitaria de referencia, en particular ao Regulamento (UE) n.º 261/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de marzo, que modifica o Regulamento (CE) n.º 1234/2007 no que atinxe ás relacións contractuais no sector lácteo do leite e dos produtos lácteos.

Tras a aprobación da reforma da política agraria común, o citado regulamento foi derogado polo Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 922/72, (CEE) n.º 234/79, (CE) n.º 1037/2001 e (CE) n.º 1234/2007. Dado que o novo regulamento inclúe novas disposicións relacionadas coas medidas do «paquete lácteo», procede incluílas e regulalas na lexislación nacional.

Por outra banda, a Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria, introduciu un novo marco xurídico de aplicación ás relacións comerciais entre os operadores que interveñen na cadea alimentaria, desde a produción á distribución de alimentos ou produtos alimenticios, cuxa aplicación ao sector lácteo, conforme establece a disposición adicional quinta da mesma lei, se debe entender no marco desta regulación específica, polo que a súa aplicación se debe entender circunscrita ao disposto neste real decreto.

A citada disposición adicional quinta da Lei 12/2013, do 2 de agosto, determina que o disposto nela se entende sen prexuízo da regulación específica do sector lácteo, cuxas disposicións prevalecerán en caso de conflito sobre a mencionada lei. Trátase dunha salvagarda parcial, que afecta unicamente aqueles preceptos que resulten incompatibles, polos cales se declara a prevalencia da normativa do sector lácteo. No non regulado por esta normativa resulta de plena aplicación o disposto na Lei 12/2013, do 2 de agosto, moitos de cuxos preceptos resultan non só plenamente compatibles senón esenciais para a correcta aplicación desta normativa.

Así, en concreto, a Lei 12/2013, do 2 de agosto, obriga á contratación por escrito daquelas relacións comerciais de operadores que realicen transaccións comerciais, sempre que estas sexan por importe superior a 2.500 euros, e que estes se encontren nalgunhas das situacións de desequilibrio descritas no artigo 2.3 da referida lei, circunstancias que non teñen por que concorrer no ámbito do sector lácteo. Así mesmo, prevé que cando o pagamento do prezo se realice en man contra a entrega dos produtos alimenticios non será necesario subscribir un contrato alimentario; as partes terán a obriga de identificarse como operadores e documentar as ditas relacións comerciais mediante a expedición da correspondente factura.

Con todo, na contratación láctea obrígase á contratación por escrito de todas as subministracións de leite cru que teñan lugar en España dun produtor a un transformador, sen excepción e en condicións máis estritas.

A dita Lei 12/2013, do 2 de agosto, regula tamén a potestade sancionadora, tipificando as infraccións e sancións por incumprimento, entre outras, das obrigacións contractuais, que no ámbito do paquete lácteo se deberán entender, polo tanto, de conformidade co disposto neste real decreto, segundo se sinalou anteriormente.

Segundo dispón o artigo 26 da Lei 12/2013, do 2 de agosto, corresponde á Administración xeral do Estado exercer a potestade sancionadora cando as partes contratantes teñan as súas respectivas sedes sociais principais en diferentes comunidades autónomas; cando o contrato afecte un ámbito superior ao dunha comunidade autónoma en razón da rastrexabilidade previsible da maior parte do alimento ou produto alimenticio obxecto do contrato. Por outra banda, corresponderalles aos órganos competentes das comunidades autónomas exercer a potestade sancionadora nos restantes supostos. Contéñense desta forma as adaptacións precisas para garantir o exercicio de competencias compartidas.

Por outra banda, a experiencia acumulada ao longo dos dous anos de aplicación do contrato obrigatorio no sector lácteo fai necesario realizar certas modificacións para mellorar e adaptar o sistema de contratación tras a súa posta en marcha, evitando, na medida do posible, algunhas prácticas detectadas que puideren quebrantar o espírito que orixinou as medidas do «paquete lácteo».

En primeiro lugar, é preciso establecer, para os contratos entre gandeiros e primeiros compradores de leite, a duración anual do contrato, sen prexuízo do gandeiro, recoñecido na lexislación comunitaria, de poder rexeitar esta duración mínima.

A duración mínima dun ano é a garantía real da estabilidade da recollida do leite producido para o produtor e da subministración necesaria de materia prima para o transformador, máxime nun futuro próximo, en que o contrato lácteo será a ferramenta para a xestión e regulación do mercado, e, desta maneira, reduciranse ao mínimo os casos en que se contrate unha duración inferior.

Débense regular, así mesmo, outros aspectos, como a tolerancia permitida no volume de leite obxecto de contrato, para evitar situacións en que, sendo esta excesivamente ampla, poida dar lugar a distorsións na relación contractual. Igualmente, deben regularizarse as addendas dos contratos para evitar, en particular, modificacións nas condicións de contratación de leite que xa foi entregado.

Tamén, co fin de simplificar, axilizar e mellorar a transparencia, deben adaptarse os prazos e o contido das comunicacións á base de datos de contratos. Así mesmo, e ademais do anterior, co fin de facilitar o labor de inspección das autoridades competentes, aínda que só se considera necesaria a realización de dúas copias do contrato, débense regular certas excepcións en que se mantían as tres copias, como sucede agora.

A última adaptación, tamén co obxectivo de optimizar o sistema dos contratos no sector, consiste en dispor dun mecanismo de mediación que actúe de mutuo acordo naqueles casos en que, tras un proceso de negociación entre unha organización de produtores e un comprador de leite, non se conseguiu chegar a un acordo nalgún elemento do contrato, pero se mantivo a vontade de alcanzalo.

No que se refire ao réxime sancionador, cómpre clarificalo tendo en conta que, en diversos aspectos, será de aplicación a Lei 12/2013, do 2 de agosto, e no resto a normativa legal de tipificación de infraccións e sancións aplicable respecto diso, estatal ou autonómica.

Este real decreto foi sometido á consulta das comunidades autónomas e dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, oído o Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de febreiro de 2015,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1363/2012, do 28 de setembro, polo que se regula o recoñecemento das organizacións de produtores de leite e das organizacións interprofesionais no sector lácteo e se establecen as súas condicións de contratación.*

O Real decreto 1363/2012, do 28 de setembro, polo que se regula o recoñecemento das organizacións de produtores de leite e das organizacións interprofesionais no sector lácteo e se establecen as súas condicións de contratación, queda modificado como segue:

Un. Substitúese a alínea d) do artigo 2 polo seguinte texto:

«d) Produtor: toda persoa física ou xurídica ou todo grupo de persoas físicas ou xurídicas, independentemente do réxime xurídico outorgado, que sexa titular dunha explotación gandeira dedicada á produción láctea.»

Dous. Engádense as seguintes alíneas f), g), h) e i) ao artigo 2:

«f) Receptor: aquel que recibe leite cru de vaca e/ou de ovella e/ou de cabra pola subscrición dun contrato de compravenda de leite cru.

g) Subministrador: aquel que subministra leite cru de vaca e/ou de ovella e/ou de cabra a un comprador implicado na subscrición dun contrato de compravenda de leite cru.

h) Sede da efectiva dirección: o lugar onde se toman as decisións clave comerciais e de xestión, necesarias para dirixir os negocios da entidade.

i) Intermediario: aquel que mobiliza ou transporta leite cru dun gandeiro ou doutro intermediario a un transformador ou a outro intermediario, producíndose en cada caso unha transferencia da propiedade do leite cru.»

Tres. No número 1 do artigo 5, a expresión: «O período de referencia para o cálculo será o correspondente aos 12 meses anteriores á presentación da solicitude de recoñecemento» substitúese pola seguinte: «O cálculo realizarase utilizando as últimas doce declaracións de entregas de leite dispoñibles no momento de comprobación do cumprimento do mínimo de produción comercializable anual, por parte da autoridade competente».

Catro. Engádense a seguinte alínea e) no número 2 do artigo 6:

«e) As condicións en que se realizará a externalización de actividades en caso de facer uso do artigo 9 bis deste real decreto.»

Cinco. Engádense o seguinte artigo 9 bis:

«Artigo 9 bis. *Externalización de actividades.*

1. As organizacións de produtores e as asociacións de organizacións de produtores poderán externalizar calquera das súas actividades, distintas da produción, a calquera empresa, incluídas as súas empresas filiais, nas condicións que estableza a normativa da Unión Europea.

Entenderase por empresa filial para os efectos do parágrafo anterior aquela entidade que está controlada directa ou indirectamente por unha organización ou asociación da seguinte maneira:

a) Mediante unha significativa participación, que supere o 50 % do capital social ou dos dereitos de voto.

b) Polo dereito para nomear ou revogar a maioría dos membros do órgano de administración, dirección ou control.

c) Polo dereito para exercer unha influencia dominante sobre ela, en virtude dun contrato celebrado con ela ou dunha cláusula estatutaria dela.

2. En caso de aplicarse o punto anterior, as organizacións e asociacións serán as encargadas de garantir a realización da actividade externalizada e do control e supervisión do acordo comercial relativo á realización da actividade.»

Seis. Engádesse o seguinte artigo 9 ter:

«Artigo 9 ter. *Acordos, decisións e prácticas concertadas das organizacións e asociacións de produtores de leite.*

1. As organizacións e as asociacións recoñecidas poderán alcanzar acordos, decisións e prácticas concertadas que se refiran á produción ou venda de produtos lácteos ou á utilización de instalacións comúns de almacenamento, tratamento ou transformación de produtos lácteos, sempre que non poñan en perigo os obxectivos do artigo 39 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.

2. Non se poderán acadar acordos, decisións e prácticas concertadas que comporten a obriga de cobrar un prezo idéntico ou por medio dos cales quede excluída a competencia.

3. Os acordos, decisións e prácticas concertadas que cumpran as condicións anteriores non estarán suxeitos nin requirirán unha aprobación previa por parte das autoridades competentes.»

Sete. O artigo 11 substitúese polo seguinte:

«Artigo 11. *Requisitos mínimos do contrato.*

1. O contrato deberase subscribir antes de que se realice a subministración do leite cru e incluírá, polo menos, os elementos establecidos no anexo III.

2. Todos os elementos do contrato deberán ser libremente negociados polas partes e coñecidos con anterioridade ao asinamento. Os contratos en que participe como subministrador un produtor terán unha duración mínima dun ano.

Para iso, o receptor do leite deberá realizar unha oferta de contrato por escrito cunha duración mínima dun ano. A oferta deberase presentar, polo menos, dous meses antes da finalización do contrato en vigor e, no caso de tratarse dunha nova relación contractual, polo menos dous meses antes do inicio das entregas de leite.

A oferta deberá ser identificada como tal e incluír todos os datos incluídos no anexo III, así como a data de presentación. Deberanse realizar dúas copias da oferta, que deberán ser asinadas e conservadas por ambas as partes, polo menos, durante un período de dous anos tras a súa presentación.

3. Non obstante o establecido no número 2 deste artigo, o produtor poderá rexeitar esa duración mínima en supostos debidamente xustificadas e notificados polo produtor á autoridade competente da comunidade autónoma onde radique a súa explotación o antes posible. Esta comunicación irá acompañada dunha copia da oferta inicial de contrato dun ano presentada polo receptor.

En caso de que o receptor que presentou a oferta teña a sede da súa dirección efectiva nunha comunidade autónoma diferente á do produtor, a autoridade competente que reciba a notificación do rexeitamento comunicarlle esta circunstancia e o receptor afectado á autoridade competente correspondente.

4. No caso de que o prezo establecido no contrato sexa variable e se calcule combinando varios factores establecidos nel, os parámetros a que sexa referenciado o prezo serán obxectivos, verificables, non manipulables e procederán de fontes públicas e accesibles polas partes, que deberán ser tamén especificadas no contrato.

Non se poderán aplicar bonificacións ou depreciacións sobre o prezo que non estean reflectidas no contrato.

5. Non se permite a existencia de contratos simultáneos entre un mesmo subministrador e un mesmo receptor. Para tal fin, desenvolverase un mecanismo que imposibilite a súa gravación na base de datos establecida no artigo 16 deste real decreto.»

Oito. Engádesse o seguinte artigo 11 bis:

«Artigo 11 bis. *Formalización do contrato.*

1. Deberanse asinar dous exemplares de cada contrato e quedará unha copia en poder de cada unha das partes asinantes. As copias dos contratos subscritos deberán ser conservadas, polo menos, durante un período de dous anos tras a súa finalización.

2. O contrato poderá incluír, de así o acordaren as partes, unha cláusula relativa á conciliación e vista previa por parte dunha comisión de seguimento constituída no seo da Organización Interprofesional Láctea, de existiren diferenzas na interpretación ou execución do contrato.

A comisión de seguimento velará pola confidencialidade da información contida nos contratos e poderá delegar nunha entidade colaboradora independente e de acreditada solvencia a custodia dos contratos e dos datos confidenciais correspondentes.

3. No caso establecido no número 2, deberanse asinar tres copias do contrato e a terceira copia quedará baixo a custodia da comisión de seguimento da Organización Interprofesional Láctea. Estas circunstancias deberán quedar reflectidas no contrato.

4. No caso de que a empresa compradora do leite teña a súa sede da efectiva dirección nunha comunidade autónoma diferente daquela en que se realiza a recepción do leite, deberase realizar unha copia adicional do contrato, que se deberá manter no establecemento de recepción.»

Nove. Engádesse o seguinte artigo 11 ter:

«Artigo 11 ter. *Modificacións dos contratos subscritos.*

1. As condicións establecidas inicialmente no contrato poderán ser excepcionalmente modificadas mediante addendas asinadas por ambas as partes, e sempre antes da finalización do contrato que se modifica. Non terán validez as modificacións que teñan como obxectivo cambiar as condicións iniciais do contrato relativas ao leite que xa fose entregado, nin se poderán modificar as datas de entrada en vigor e/ou finalización do contrato.

2. Malia o disposto no punto anterior, tampouco se poderán modificar, mediante addendas, o prezo pactado nin o tipo de prezo (fixo, variable, mixto).

3. No caso de que antes da finalización da vixencia do contrato se esgotase a cantidade de leite correspondente ao volume pactado, unha vez aplicada a tolerancia establecida poderase modificar, unha única vez e logo de acordo entre as partes, o volume mediante addenda, mantendo invariables o resto de elementos do contrato, nunha proporción que supoña como máximo unha modificación do 25 por cento do volume inicialmente acordado.

4. Non se considerarán válidos para os efectos deste real decreto os contratos que inclúan emendas ou riscadas.

5. Nos contratos automaticamente prorrogables, renovables ou indefinidos, e independentemente das condicións de renovación ou prórroga incluídas no contrato, no caso de que unha das partes desexa non renovar ou non prorrogalo, deberallo comunicar de forma fidedigna á outra parte con, polo menos, dous meses de antelación á data de conclusión do contrato, salvo causa de forza maior.

6. En caso de cambio da titularidade da explotación produtora do leite obxecto de contrato, o novo titular poderase subrogar no contrato xa existente en vigor, se así o decide e llo notifica á outra parte e esta non manifesta a súa oposición no prazo de dez días.»

Dez. O número 2 do artigo 12 substitúese polo seguinte texto:

«2. En cumprimento das excepcións establecidas nos números 3 e 4 do artigo 11 bis, nas cooperativas que reciban leite dos seus socios produtores, as copias do contrato establecidas nos ditos puntos serán substituídas por unha copia dos seus estatutos e/ou acordos onde se establezan as ditas condicións do contrato.»

Once. Engádese o seguinte artigo 13 bis:

«Artigo 13 bis. *Sistema de mediación.*

Se durante un proceso de negociación das condicións dun contrato non se chega a un acordo entre unha organización de produtores e o receptor do leite, nos casos en que exista unha oferta previa por escrito ou por calquera outro medio que permita deixar constancia do seu contido, ambas as partes, de mutuo acordo, se poderán acoller a un sistema de mediación.

O sistema de mediación realizarase mediante o correspondente acto de mediación, a través de calquera das institucións de mediación establecidas ao abeiro da Lei 5/2012, do 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís, seguindo o procedemento establecido no título IV da citada lei.

Poderán ser obxecto da mediación todos os elementos do contrato, en particular o prezo e o volume do leite obxecto do contrato.»

Doce. O artigo 16 substitúese polo seguinte:

«Artigo 16. *Deber de información.*

1. O receptor do leite cru que contratase a súa adquisición cun subministrador que sexa un produtor, comunicará, mediante soporte informático, á base de datos de declaración de entregas existente no Fondo Español de Garantía Agraria do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, ou a que se cree en substitución desta, os datos incluídos no anexo IV do presente real decreto, nun prazo mínimo de sete días antes da data de inicio de vixencia do contrato e sempre antes de comezar a entrega do leite obxecto do contrato.

2. Así mesmo, tamén serán notificadas á base de datos todas as addendas realizadas nos contratos, así como os cambios de titularidade da explotación no prazo mínimo de sete días antes da data de inicio de vixencia delas.

3. No caso das queixarías artesanais e naqueloutros en que a autoridade competente da comunidade autónoma o considere oportuno, os datos incluídos no anexo IV poderanse presentar mediante documento rexistrado en soporte papel e a comunidade autónoma será a responsable de gravalos na base de datos.

4. Para tal fin, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente establecerá un modelo para o envío de datos, así como a descrición da estrutura do ficheiro informático que se deberá utilizar para o envío.

5. As autoridades competentes das comunidades autónomas ou cidades de Ceuta e Melilla comunicarán anualmente á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, antes do 15 de febreiro de cada ano, o volume total de leite suxeito a negociación colectiva durante o ano anterior que lles fose comunicado polas organizacións ou pola asociación, en cumprimento do número 6 do artigo 14 deste real decreto.»

Trece. No artigo 24, a referencia ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente débese substituír pola mención ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e á Axencia de Información e Control Alimentarios no ámbito das súas competencias.

Catorce. O artigo 25 substitúese polo seguinte texto:

«Artigo 25. *Réxime sancionador.*

En caso de incumprimento deste real decreto será de aplicación o réxime sancionador establecido na Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria, e, en todo o non disposto nela, será aplicable o previsto na normativa estatal ou autonómica de aplicación, sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou administrativas doutra orde que puideren concorrer.»

Quince. Engádesse un novo artigo, 26, co seguinte contido:

«Artigo 26. *Colaboración entre administracións públicas.*

1. As distintas administracións públicas competentes axustarán as actuacións que desenvolvan no marco do previsto neste real decreto aos principios de información mutua, de cooperación e de colaboración.

2. Así mesmo, as administracións públicas competentes garantirán, na aplicación deste real decreto, o cumprimento da normativa vixente sobre garantía da unidade de mercado, e para iso adoptarán as medidas normativas, de cooperación e de colaboración que resulten precisas no exercicio das súas competencias propias.

3. No caso de que no desenvolvemento das súas actividades de control as autoridades competentes das comunidades autónomas detecten incumprimentos doutros aspectos non relacionados coa obriga de contratación, regulados na Lei 12/2013, do 2 de agosto, porano en coñecemento da Axencia para a Información e o Control Alimentarios.»

Dezaseis. O anexo III substitúese polo seguinte:

«ANEXO III

Datos mínimos do contrato

1. Identificación das partes.
2. Obxecto do contrato.
3. Prezo que se pagará pola subministración, que poderá ser:

– fixo,

– variable e calcularse combinando varios factores establecidos no contrato, que poden incluír indicadores de mercado que reflectan os cambios nas condicións do mercado, o volume subministrado e a calidade ou a composición do leite cru subministrado ou

– mixto, que inclúe unha parte fixa e outra variable.

En todos os casos os prezos poderán incluír, ademais, un axuste en función de primas dependentes de factores como o volume subministrado, a calidade fisicoquímica ou hixiénico-sanitaria, ou outros parámetros.

4. Volume en litros que debe ser subministrado: incluírase a marxe de tolerancia en porcentaxe, que non poderá ser superior ao 10 %.

5. Calendario de subministracións. Deberase indicar, polo menos, a frecuencia de subministración ou recollida do leite, e pódese referir, por exemplo, ao prazo máximo (días) posmoxidura.

6. Duración do contrato. Deberase especificar a duración que, no caso dos contratos celebrados entre un produtor e un receptor, deberá ser, como mínimo, dun ano, sen prexuízo do establecido no número 3 do artigo 11. Admitirase un contrato de duración indefinida con cláusula de rescisión.

7. Condicións para a renovación, a modificación e a prórroga, de ser o caso.

8. Condicións de pagamento: prazos e procedementos:

Prazo: débese indicar o prazo máximo para o pagamento e os xuros aplicables en caso de demora.

Procedemento: débese indicar a forma de pagamento: transferencia, cheque, e a data en que terá lugar (por exemplo, “antes do día de cada mes”).

9. Modalidades de recollida ou subministración.

Segundo onde teña lugar o cambio de propiedade do leite:

- En orixe: a recollida do leite realízase nas instalacións do subministrador.
- En destino: o transporte do leite é tramitado polo subministrador para o seu depósito nas instalacións do receptor.

10. Regras aplicables en caso de forza maior. Indicaranse os casos de forza maior e as regras que se aplicarán neste caso.

11. Dereitos e obrigas das partes contratantes.

12. Causas, formalización e efectos da extinción.»

Dezasete. Inclúese un novo anexo IV co seguinte contido:

«ANEXO IV

Datos mínimos do contrato que deberá comunicar o comprador á base de datos de declaracións de entregas

IDENTIFICACIÓN DO RECEPTOR DECLARANTE:

DNI ou NIF.

Apelidos e nome ou razón social.

Domicilio, localidade, municipio, código postal, comunidade autónoma.

IDENTIFICACIÓN DO PRODUTOR:

DNI ou NIF.

Apelidos e nome ou razón social.

Domicilio, localidade, municipio, código postal, comunidade autónoma.

DATOS POR REXISTRO:

Data da presentación da primeira oferta de contrato.

Renuncia do produtor á duración mínima dun ano: si/non.

Data de inicio da vixencia.

Data de finalización da vixencia.

Especie.

Volume contratado (litros).

Tolerancia do volume contratado (%).

Tipo de prezo. Fixo, variable, mixto.»

Disposición transitoria primeira. *Adaptación dos contratos en vigor.*

Os contratos en vigor subscritos antes da entrada en vigor do presente real decreto que afecten cantidades entregadas con posterioridade á entrada en vigor deste real decreto adaptaranse ao previsto nel no prazo máximo dun mes.

Disposición transitoria segunda. *Base de datos e comunicacións.*

Mentres non se atope operativa a base de datos e o sistema de comunicacións a esta establecidos no número 1 do artigo 16 do Real decreto 1363/2012, do 28 de setembro, na redacción dada a este polo número doce do artigo único deste real decreto, serán de aplicación as disposicións dos números 1, 2 e 3 do artigo 16 do Real decreto 1363/2012, do 28 de setembro, na súa redacción anterior a este real decreto.

Os interesados serán informados sobre a operatividade da citada base de datos mediante a publicación dun anuncio na páxina web do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente na epígrafe correspondente ao vacún leiteiro.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de febreiro de 2015.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,
ISABEL GARCÍA TEJERINA